

No Campo da Festa Marica Campo

Sermos Galiza - | 15 de Xuño de 2013

Vimos Marica Campo cantar a Pedra da Escritora nesta túa terra, xa por ti tan nosa, aquí na cerna túa que afunde a súa raíz no tempo que arrola entre as montañas.

Vimos Marica Campo cantar a Pedra da Escritora nesta túa terra, xa por ti tan nosa, aquí na cerna túa que afunde a súa raíz no tempo que arrola entre as montañas.

Chantamos a pedra na que, en mineral abrazo, insculpida, a palabra faise eterno dicir no humus da terra fértil, da terra amada que no teu verso canta.

Neste souto que leva o teu nome de poeta de escritora onde os castiñeiros entregan de albor a solpor as súas sombras para medir os días.

Os días que son efémero claror que son anacos de eternidade para medir tamén para ti o día de hoxe que chega nelas coas súas gallas extenuadas polo tempo aínda tan vivas cheas de ponlas novas como a terra nosa que abrocha da caracocha da historia.

O rielo que próximo arrola co seu son de auga recen nacida e clara, rumorosa no seu partir, marulla onde o xilgareo repénica o canto e a rula agarda amorosa pola sombra do verao que cantará de mañanciña clara.

Leva o teu nome este souto vedraio e máis o campo da festa que é o lugar comunal onde a ledicia faise pobo de noso e a cultura expresa o seu ser tan ledado a construír un mundo que abre as portas á luz coma labios que abren e din o teu nome Marica Campo na amizade.

Para o mais vellos sempre é contento este lugar onde a infancia soñou onde a xuventude amou e coma un ventío morno chegou e partiu e coma ourive teceu coas raiolas do tempo os seus días efémeros no transcorrer que non pasarán nunca xamais

Para os mais novos é o lugar primeiro do desexo da caricia furtiva dos beixos vermellos coma papoulas ao son das músicas que ficaron gravadas na codia da luz ate se facer en nós só alma só acrisolado misterio.

Coma un neno ou unha nena que levan o seu aro a rodar podemos hoxe facer nós rodar a roda do tempo e convocar aquí as voces todas dos teus seres amados que son o sonoro canto da túa fértil biografía, xenerosa.

Voces que che son familiares Marica, que na memoria do tempo se fixeron túas e son eco antigo de canción nova na tona desta terra que nos fan tremer na beleza, os nomes que nos dan de mao en mao a responsabilidade de que a historia de noso siga e sustente o presente e veña este co seu fulgor.

Que siga a recibir a terra a semente que onte decruou o arado e que nos modelou e inzou esta terra de froitos.

Os castiñeiros coma sólidas e mancadadas columnas sosteñen os ceos cos seus catro puntos cardinais.

Todo adiviña para ti hoxe o nome de cada un dos carreiros e rielos deste lugar nesta doce mañá ás portas do verao.

A túa obra Marica Campo ven de moi lonxe do mais lonxincuo da memoria colectiva que chanta no seu fértil humus para nos desvendar os segredos.

Este campo da festa e o souto que o acolle e que leva o teu nome é o lugar é o crisol onde o silencio do mundo todo escoita e a palabra florece para o froito se fâcer cultura de noso.

Aquí a nosa lingua acrecentou o seu maxín e a súa palabra fíxose secreto zume, enchoupada dos sons do traballo e da ledicia, das maos da dor e da festa do amor febril con que cada primavera a natureza de noso fâise no seu abrazo.

Aquí o silencio da terra toda é clamor que hoxe te abraza e coa túa palabra insculpida na pedra fâise centro do universo que tamén o foi onte na túa nenez cando contigo falaba o rielo e mais o outeiro e a montaña e a pluma que deitaba a rula ao partir,
e coma no primeiro día da creación o Val do Mao confesoute o inexplicábel.

O rumor do vento aínda neno púxoche as azas e fixote poeta amada por nós, amiga fixoche tempo de humana tenrura.

Es da estirpe de Rosalía, Marica Campo

E nós as escritoras, e escritores galegos, hoxe, aquí, no Val do Mao no teu Campo da Festa e Souto Marica Campo celebramos a túa obra.

Celebrámos na amizade a túa tenrura.